



## PREGUNTA ORAL SOBRE A MELLORA AMBIENTAL EN TERREOS DO SUP-3 DE PONTEPEDRIÑA, PRÓXIMOS AO APARCAMENTO BAIXO O VIADUTO DO AVE

O Grupo Municipal do Partido Popular, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte **PREGUNTA ORAL**:

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A falta de desenvolvimento da planificación urbanística en determinadas zonas da cidade trae, a miúdo, aparellado o abandono ou a falta de atención cara ao mantemento de terreos e edificacíons en boas condicións por parte dos seus titulares. Unha circunstancia que provoca, non só unha degradación da calidad urbana e paisaxística do contorno máis inmediato, senón tamén -o que é máis grave- unha mellora das condicións para que proliferen situacíons de potencial perigo para a integridade e a saúde das persoas.

Iso está a acontecer nos terreos pertencentes ao SUP-3 de Pontepedriña, nas proximidades da área de aparcamento disuasorio construída baixo o viaduto da liña ferroviaria de alta velocidade.

Representantes da veciñanza desa zona, en concreto, da comunidade de propietarios do edificio radicado no número 84 da Avenida Romero Donallo, á altura da coñecida como glorieta da Galuresa, téñense dirixido a este Grupo municipal para mostrar a súa preocupación polo deterioro que perciben nas proximidades das súas vivendas, en especial na traseira do citado edificio, onde no seu día houbo unha nave dun taller mecánico da que queda como testemuña un teito derrubado do que áinda penduran as lámpadas fluorescentes. Veciños e veciñas reclaman que se leve a cabo unha actuación que mellore a estética e a salubridade desa zona, onde día a día medra a maleza e o aspecto de abandono, coa conseguinte minguada calidade ambiental.

En relación con esta demanda, o Grupo Municipal Popular presenta a seguinte pregunta:

*Ten coñecemento o Goberno local da situación de deterioro que denuncia a veciñanza do SUP-3 de Pontepedriña, -en especial, nos terreos situados entre a Avenida Antonio Fraguas, a rotonda da Galuresa e a área do aparcamento disuasorio- e que medidas prevé adoptar para darlle unha solución a esta demanda?.*

Santiago de Compostela, a 4 de xullo de 2017.

Agustín Hernández  
Portavoz do Grupo Municipal Popular